

REGULAMENTO DE CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DO "CONSELLO LOCAL DE CONSUMO" DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo 1.- Créase o Consello Local de Consumo, como órgano de consulta, participación e colaboración en materia de consumo e defensa do consumidor, o cal estará adscrito á área de sanidade e consumo.

Artigo 2.- O Consello Local de Consumo estará formado polo pleno e mailos comités.

Artigo 3.- O Pleno de Consello Local de Consumo estará formado polos seguintes membros:

O Presidente, que será o alcalde, quen poderá ser substituído, no seu caso, polo Vicepresidente.

O Vicepresidente, que será o Concelleiro Delegado da área de Sanidade e Consumo.

Tres vocais en representación das Asociacións de Consumidores existentes no termo municipal, designados polas mesmas. Este grupo de vocais constituirá o Comité de Consumidores.

Tres vocais en representación das entidades empresariais do Municipio. Estes vocais constituirán o Comité de Empresarios.

Un vocal por cada grupo político con representación no Concello. Estes vocais constituirán o Comité de Coordinación Administrativa.

Actuará de secretario, con voz, pero sen voto, o da corporación, ou o funcionario no que delegue.

Artigo 4.- O Pleno do Consello Local de Consumo exercerá as seguintes competencias:

a) Coñecer e emitir informes sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten directa ou indirectamente ós consumidores ou usuarios.

b) Impulsa-la aplicación e desenvolvemento da normativa xeral de defensa do consumidor e usuario.

c) Propoñe-lo establecemento de relacións e colaboración con outras Administracións de Consumo e presentar calquera outro tipo de propostas.

d) Coñecer e estima-los resultados das actuacións municipais en materia de Consumo.

e) Fomenta-la colaboración e diálogo permanente entre as Asociacións de Consumidores e Usuarios, as Organizacións Empresariais e a Administración Municipal nos temas de consumo e defensa do consumidor.

f) Presentar propostas sobre as normas de funcionamento da Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC).

g)Elaborar un programa de actividades, de acordo coas posibilidades municipais, que sexa compatible co presuposto municipal no campo/área de Consumo, e que se someterá á Corporación, con carácter de proposición.

Artigo 5.- O Pleno do Consello reunirase con carácter ordinario, unha vez por trimestre, coincidindo cos meses de marzo, xuño, setembro e decembro, en datas que se fixarán con anterioridade a cada sesión. E con carácter extraordinario cando o convoque o seu Presidente, por iniciativa propia ou a petición dunha das partes (Comités). Neste caso, a petición deberá incluí-la relación de asuntos sobre os que se tratará, e o presidente procederá a convoca-la reunión no prazo de quince días.

A convocatoria coa orde do día deberá ser cursada cunha antelación mínima de dous días hábiles.

O Pleno do Consello constituirase validamente cando asista a maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria: ou a terceira parte dos mesmos, en segunda convocatoria.

Artigo 6.- Os Comités de Consumidores, de empresarios e de Coordinación Administrativa serán presididos polo concelleiro Delegado da área de Sanidade e Consumo e asistidos por un funcionario, que actuará como Secretario. Reuniranse cando sexan convocados polo Presidente, por propia iniciativa, ou a petición dun tercio dos seus membros, acompañando a relación de asuntos que se van a tratar.

A convocatoria coa orde do día deberá ser cursada cunha antelación mínima de dous días hábiles.

Os Comités constituiranse válidamente cando asista a maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria: e media hora máis tarde en segunda convocatoria, calquera, calquera que sexa o número de asistentes.

Artigo 7.- Correspóndelle a cada Comité o exercicio das competencias recollidas no artigo cuarto, en canto se refire o seu ámbito específico de intereses.

Artigo 8.- Cando o considere conveniente, por razón das materias que se vaian tratar, o Presidente poderá incorporar ó Pleno e ós Comités os Asesores que estime precisos para asesoraren na resolución das cuestións formuladas.

Artigo 9.- Os membros integrantes dos Comités de Consumidores e de Empresarios serán renovados cada dous anos, aínda que poderán ser designadas as mesmas persoas. Para estes efectos, no último trimestre de mandato o Presidente dirixirase ás organizacións interesadas para que procedan á designación dos novos vocais no prazo dun mes.

Disposición final.- O precedente Regulamento, despois da súa aprobación definitiva, publicarase no Boletín Oficial da Provincia , mediante a inserción do seu texto íntegro, e entrará en vigor unha vez transcorrido o artigo 65.2 da lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vilagarcía de Arousa, a 14 de maio de 1992,- O Alcalde.